



Os problemas que parecen irresolubles pódense solucionar con facilidade.

## As obras de rehabilitación: edificios e vivendas

### 106. Que queres facer na túa vivenda?

Se na túa casa o baño ou a cociña está en mal estado, se tes necesidade doutro baño ou problemas co auga quente ou non tes calefacción, se a instalación eléctrica é moi antiga, se non tes onde conectar a nova lavadora, se as fiestras ou a galería non pechan ou están estragadas, ou se simplemente queres renovar un pouco a túa casa, podes optar ás axudas de rehabilitación.

### 107. Queredes facer obras no voso edificio?

Se no voso edificio o portal está en malas condicións ou falta luz automática na escaleira, se non hai porteiro automático, se os cables e outras instalacións van por calquera sitio, se tedes problemas co teito, goteiras ou a fachada non loce, se as canles e as baixantes non funcionan, se necesitades un ascensor ou simplemente queredes mellorar un pouco o voso edificio, podedes optar ás axudas de rehabilitación.

### 108. Que fai falta para comezar?

Tes que pedir primeiro información sobre as axudas ás que tes dereito e o medio para tramitalas e conseguilas. Infórmate tamén se o tipo de obra que queres facer é maior ou menor, pois diso depende a necesidade de contratar un arquitecto, un aparellador, ambos ou ningún deles. Neste último caso, tes que preparar unha pequena documentación con fotos do estado no que está o que queres mellorar, facer unha valoración da obra e pedir licenza de obras no teu Concello. Debes atopar unha empresa que che faga a obra con garantías e prezo acorde. O mellor sería, aínda que a obra fora menor, ter un técnico ao teu lado que te asesore e vixie a correcta execución dos traballos. En todas as fases, podes contar co asesoramento dos técnicos da Oficina de Rehabilitación.